



Laura Rodríguez Pena concelleira portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Sada, en base ao art. 64.1 do ROM, propón para o seu debate e votación no pleno ordinario de decembro de 2022 a seguinte

MOCIÓN

Relativa á toma de medidas para a efectiva conservación do edificio modernista da Terraza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O edificio da Terraza foi ubicado nuns terreos de concesión administrativa por Real Orde de 20 de xullo de 1922 para ser destinado a “venta de refrescos e licores na Praia de Sada”

O recheo do paseo marítimo realizado nos anos 80 alonxou ao edificio do bordo litoral e a concesión concedida no seu día caducou sen posibilidades de ser prorrogada, como así indicou a Dirección Xeral da costa e o marna Resolución de 11 de febreiro de 2021.

Compre polo tanto que as administración da Xunta e do Estado actúen, unha para velar polo correcto mantemento do edificio e a outra por rehabilitala e entregala ao Concello de Sada para os fins previstos no Plan Xeral, que non son outros que destinar o edificio a equipamento sociocultural.

A Deputada nacionalista Mercedes Queixas así o considerou nas súas iniciativas parlamentares, así como tamén o Deputado do BNG no Congreso dos Deputados Néstor Rego.

Como é sabido, no ano 2011 o Concello de Sada solicitou a súa declaración BIC que foi resolta no Decreto 16/2020 de 30 de xaneiro, algo que tamén é crucial para a pervivencia do edificio e para que teña garantida a súa permanencia nese lugar, non podendo ser retitada do su entorno, nin desmantelada nin trasladada.

O goberno do Estado reconece en contestación ás iniciativas do BNG que para xestionar o edificio da Terraza no menor tempo posible por parte do Concello, deberá este solicitar o título habilitante, neste caso concesión, que poderá ser outorgada conforme ao previsto na Disposición Adicional terceira do Regulamento Xeral de Costs e no art. 135 do citdo regulamento

Esa concesión temporal non impediría que nun futuro a Terraza pasara a ser titularidade municipal e tampoco que se sigan outros trámites como a desafectación dos terreos xa solicitada polo Concello de Sada.

Por todo elo, sométese á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO

1.- O Pleno da Corporación manifesta a necesidade de rehabilitar o edificio modernista “A Terraza” , para o que acorda instar á Alcaldía a que solicite ao goberno do Estado a concesión administrativa temporal do mesmo, en base ao art. 135 e disposición adicional terceira do Real Decreto 876/2014 de 10 de outubro, así como establecer os oportunos convenios para a súa conservación e rehabilitación.

Sada, a 9 de decembro de 2022

Asdo. Laura Rodríguez Pena